

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN AMICOS

En Santiago de Compostela, a 21 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Román Rodríguez González, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Da outra, dona **MARÍA ESTHER VIDAL RODRÍGUEZ**, presidenta da Asociación AMICOS, con CIF G-15747678, con domicilio social no Lugar de Comoxo 2, 15930 Boiro (A Coruña) e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co nº 2005/008944-1ª.

EXPOÑEN



1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.



Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao



alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral.

2. Que a Asociación AMICOS é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidades:

1. Promover oportunidades, apoios, accións e servizos para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise ou dano cerebral e das súas familias.
2. Promover a inclusión e normalización de todas as mulleres e de maneira moi especial das mulleres e mozas con discapacidade intelectual, autismo, parálise ou dano cerebral.
3. Promover a creación de Centros de Educación e Unidades de Atención Temprá para nenos con necesidades educativas especiais.
4. Promover a creación de Centros de Formación, Centros Ocupacionais e Talleres laborais ou prelaborais, así coma centros especiais de emprego.
5. Promover accións, apoios e recursos que faciliten a formación e a integración laboral das persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise – dano cerebral.
6. Promover a creación de Centros de atención Diurna, Ocupacionais, Rehabilitación, Residencias, Pisos tutelados, vivendas, ... destinados a atención e coidados das persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise – dano cerebral.
7. Mellorar a calidade de vida das persoas dependentes e en especial das persoas dependentes con discapacidade e das súas familias.
8. Promover a integración laboral das persoas con discapacidade, autismo, dano e parálise cerebral, tanto en emprego ordinario coma en centros especiais de emprego.
9. Promover a atención de menores, mozos e mozas con discapacidade, potenciando centros de atención, estimulación, rehabilitación e educación e actividades de ocio e integración.
10. Potenciar a realización de actividades xuvenís con mozos e mozas con discapacidade, autismo e parálise – dano cerebral.





11. Promover a atención de persoas maiores, en especial discapacitados, promovendo a creación de residencias e centros de coidado e rehabilitación.
12. Tutelar e prestar coidados e atención a persoas con discapacidade que queden orfas ou que quedaran desamparadas.
13. Apoio as familias das persoas con discapacidade intelectual.
14. Apoiar as mulleres en tódas as súas modalidades e facilitar a súa integración social.
15. Apoiar de maneira moi especial as mulleres discapacitadas e as mulleres rurais coa finalidade de conseguir a súa normalización e inclusión social
16. Promover actividades de formación e crear apoios específicos co fin de romper as 3 barreiras que impiden progresar ás mulleres discapacitadas psíquicas (ser muller, ser discapacitada e ter discapacidade psíquica)
17. Fomentar a integración, atención, formación e inserción do colectivo de persoas inmigrantes e de maneira especial a aqueles con discapacidade.
18. Promover actuacións de difusión e intervención nos países en vías de desenvolvemento e potenciar a cooperación internacional con eles, en especial co colectivo de persoas con discapacidade.
19. Fomentar actividades culturais coa finalidade de difundir a cultura galega. E que estas actividades teñan unha finalidade educativa e rehabilitadora.
20. Promocionar e realizar actividades de difusión e promoción do Camiño de Santiago.
21. Acercar e facer partícipes ás persoas con discapacidade das actividades vinculadas o Camiño de Santiago co fin de conseguir que sexa un nexo de unión entre culturas e sensibilidades.
22. Promocionar e fomentar o voluntariado, tanto nacional como europeo, coa finalidade de fomentar o traballo en equipo e a solidariedade.
23. Difundir a cultura da unidade europea, coa finalidade de crear lazos que nos acheguen as distintas culturas europeas e as distintas problemáticas e realidades das persoas con discapacidade que viven no noso continente.
24. Calquera outro fin que, de modo directo ou indirecto, poda contribuír ao cumprimento da misión ou redundar no recoñecemento dos dereitos e en



beneficio das persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise – dano cerebral ou das súas familias.

3. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación AMICOS acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación AMICOS nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral.

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral que recibe apoio da Asociación AMICOS de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas



distintas modalidades formativas, a colaboración da Asociación AMICOS nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende a alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación AMICOS colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral.

3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará a colaboración do persoal profesional da Asociación AMICOS nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que contén con alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral.

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Asociación AMICOS debe realizarse por parte do centro docente e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias. A colaboración da Asociación AMICOS na atención ao alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral, no marco que se estableza entre o centro docente e o persoal profesional da Asociación AMICOS poderá contemplar tanto actuacións de carácter preventivo como actuacións concretas co alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral, co seu profesorado e coas súas familias.

b) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas á intervención educativa do alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral, sobre a súa avaliación e sobre as adaptacións curriculares que se estimen necesarias.

c) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento do alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral.

Cuarta. Colaboración do persoal da Asociación AMICOS nos centros docentes

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da Asociación AMICOS e as familias do



alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral establecerán os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización e funcionamento e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas da Asociación AMICOS en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da Asociación AMICOS nos centros docentes entenderase dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con discapacidade intelectual, trastorno do espectro do autismo, parálise ou dano cerebral; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación laboral coa Asociación AMICOS e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Relacións laborais

A subscripción deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
- b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.

Sétima. Avaliación dos procesos de colaboración

1. A avaliación dos procesos de colaboración establecidos entre cada un dos centros docentes e o persoal da Asociación AMICOS deseñárase por parte da comisión mixta e nela recollerase información facilitada polo propio centro docente e polo persoal da Asociación AMICOS.
2. Na reunión ordinaria da comisión mixta posterior ao remate de cada curso escolar analizarase a información recollida no curso anterior e elaborárase un informe ao respecto.

Oitava. Interpretación do convenio

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Undécima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2018/19, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

**POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA**

O CONSELLEIRO,



Román Rodríguez González

POLA ASOCIACIÓN AMICOS,

A PRESIDENTA,



María Esther Vidal Rodríguez